

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ANPA CEIP ESCULTOR PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR DO ALUMNADO DISCAPACITADO INTEGRADO NO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA ESCULTOR ACUÑA RADICADO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa ANPA CEIP Escultor Acuña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 18 de marzo de 2021 ata o 22 de xuño de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto posibilitar ao alumnado con discapacidade sensorial auditiva, que en virtude de ditame da Administración Educativa Galega e por esixencias de carácter académico foron escolarizados para a súa integración no CEIP Escultor Acuña de Vigo (Pontevedra), a utilización do servizo de comedor escolar e a atención específica e personalizada no mesmo, de acordo coas súas necesidades particulares, ao longo deste curso escolar 2020/2021 no local existente para o efecto no CEIP Escultor Acuña de Vigo (Pontevedra).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con discapacidade sensorial auditiva que, en virtude de ditame da Administración Educativa Autonómica, foron escolarizados para a súa integración no CEIP Escultor Acuña de Vigo (Pontevedra). Este alumnado, escolarizado por esixencias educativas no dito centro, necesita para asegurar a súa efectiva escolarización, utilizar o servizo de comedor escolar, precisando para o efecto contar cunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.



Que a ANPA CEIP Escultor Acuña é unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxectivo fundamental é velar por unha educación de calidade no centro do seus fillos/as e representar os intereses das nais, pais ou titores legais en relación co centro. Unha das funcións da ANPA CEIP Escultor Acuña é xestionar o comedor escolar do centro escolar.

Que ambas as dúas partes están interesadas na mutua colaboración de acordo co establecido no artigo 2.1. e) do decreto 132/2013, do 1 de agosto, co fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permitan ser escolarizados, aínda que sufran discapacidade sensorial auditiva, xa sexa permanente ou temporal

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

